

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 22 de setembro de 2008 pola que se conceden axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de pais de alumnos e das asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial para o ano 2008.

Por Orde do 2 de abril de 2008 (DOG do 10 de abril), a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocou axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de pais de

alumnos e das asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial para o ano 2008.

Reunida a comisión prevista no punto oitavo da citada orde, de acordo coa proposta formulada por ela, e de conformidade co punto décimo da orde de referencia,

RESOLVO:

Primeiro.-Concederlles as axudas, nas contías que se sinalan, ás confederacións, federacións de pais de alumnos e ás asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial relacionadas no anexo I desta orde.

Segundo.-Desestimar as solicitudes presentadas por dúas federación e seis asociacións de pais de alumnos dos centros que se relaciona no anexo II a esta orde, polas causas que se indican.

Terceiro.-Para facer efectivo o pagamento das axudas, os beneficiarios presentarán na Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Subdirección Xeral de Centros, Servizo de Xestión de Programas Educativos, antes do día 31 de outubro de 2008, a seguinte documentación:

a) A xustificación dos gastos realizados, mediante orixinais ou copias compulsadas de facturas, nóminas e outros documentos acreditativos. Non se admiten recibos como xustificación dos gastos.

b) Unha declaración de conxunto das axudas solidarias, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para a mesma finalidade, procedentes das distintas administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, segundo o disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro), ou ben poderán presentar directamente recurso contencioso-administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE do 14 de xullo).

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

CIF	Confederación/Federación/APA CEE	Concello	Provincia	Importe (€)
G15115165	Confapa (Confederación Galega de Apas de Centros Públicos)	A Coruña	A Coruña	24.854,23
G15098114	Congapa (Confederación Galega de Apas)	A Coruña	A Coruña	17.027,25
G15042617	Apas (Federación Provincial de Apas de Centros Públicos)	A Coruña	A Coruña	13.836,00
G15089857	Fapa (Federación Provincial de Apas de Centros Privados da Coruña)	A Coruña	A Coruña	2.512,00
G27019140	Fapacel (Federación Provincial de Apas de Centros Públicos de Lugo)	Lugo	Lugo	5.286,00
G32009037	Fapas (Federación Provincial de Apas Públicas de Ourense)	Ourense	Ourense	5.628,00
G32025538	Federación de Apas de Centros Privados de Ourense	Ourense	Ourense	2.132,00
G36020311	Fapas (Feder. Provincial Apas Pontevedra)	Pontevedra	Pontevedra	6.350,00
G15062839	Fecapa (Federación Central de Apas)	Santiago de Compostela	A Coruña	2.226,00
G32335721	Federación Municipal de Anpas Centros Públicos	Ourense	Ourense	1.808,00
G36537900	Federación Anpas A Gameliña	Cangas	Pontevedra	1.542,00
G36743946	Federación Olívica de Anpas	Vigo	Pontevedra	3.670,00
G15028236	APA CEE Santiago Apóstol	A Coruña	A Coruña	1.128,82
G15984990	APA CEE Ntra. Sra. del Rosario	A Coruña	A Coruña	1.128,82
G15412026	APA CEE Carmen Polo	Ferrol	A Coruña	1.128,82
G15874290	Aspanaes (Apadul Duques de Lugo)	Santiago de Compostela	A Coruña	1.128,82
G27220839	APA CEE Infanta Elena	Monforte de Lemos	Lugo	1.128,82
G32022774	APA CEE Miño	Ourense	Ourense	1.128,82
H32202798	APA (Colexio público de EE O Pino)	Ourense	Ourense	1.128,82
G36130169	APA Joaquina Otero CEE San Xerónimo Emiliani	A Guarda	Pontevedra	1.128,82
G36164515	APA CEE Juan XXIII	Marín	Pontevedra	1.128,82
G36753895	APA La Ilusión del Valle Miñor CEE Juan María	Nigrán	Pontevedra	1.128,82
G36180768	APA CEE Juan XXIII	Pontevedra	Pontevedra	1.128,82
G36152262	APA CEE Santísimo Cristo del Amor - Aceesca	O Porriño	Pontevedra	1.128,82
G36630614	APA CEE Menela	Vigo	Pontevedra	1.128,82
G36682102	APA CEE San Rafael	Vigo	Pontevedra	1.128,82
G36812063	APA CEE Saladino Cortizo	Vigo	Pontevedra	1.128,82
G36131027	APA Marxión do CEE de Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	1.128,82
G36024941	APA CEE Os Mecos	Vilanova de Arousa	Pontevedra	1.128,82

ANEXO II
Solicitudes desestimadas

CIF	Confederación/Federación/APA CEE	Concello	Provincia	Causa da desestimación
G15323595	Federación APAS de Centros Públicos Ferrolterra	Ferrol	A Coruña	Presentada fóra de prazo
G36581841	Federación ANPAS Estradense Fesanpas	A Estrada	Pontevedra	Non figura rexistrada no censo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
G15686140	ANPA IES Castro do Viso	Arzúa	A Coruña	Non é un centro de educación especial
G 15314123	ANPA CEIP O Ramo	Fene	A Coruña	Non é un centro de educación especial
G15467368	ANPA Cerme de Galicia CEIP Martagona	Melide	A Coruña	Non é un centro de educación especial
G15407596	ANPA CEIP Cruceiro Freijomil	Pontedeume	A Coruña	Non é un centro de educación especial
G15456908	ANPA A Barcia	Santiago de Compostela	A Coruña	Non figura rexistrada no censo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
G27019058	ANPA CEIP Antonio Pedrosa Latas	Viveiro	Lugo	Non é un centro de educación especial